



### ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 20 de xaneiro de 2021**.

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 13 de xaneiro de 2021.
2. Dáse conta das bases reguladoras de subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
3. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Dáse conta das bases reguladoras de subvencións para agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
2. Apróbase o proxecto de obras de “Rehabilitación do depósito de auga da Costa”, e solicítase subvención, por importe de 193.440,15 euros para o seu financiamento, con cargo ó Plan Concellos 2021, da Deputación de Pontevedra.
3. Solicítase subvención para o financiamento das obras de “Humanización de vías en Pedreiras, Fase I”, por importe de 202.464,89 euros, con cargo ó Plan Concellos 2021, da Deputación de Pontevedra.
4. Concédese licenza de obras para a construción dunha piscina de formigón armado de 8,00 m x 4,00 m, na parcela sita no lugar de Outeiro, 13B, Marín.

A ALCALDESA,  
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006CE3900W3V5Z0S0Q7S4 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20210446009</b>
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 22/01/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/01/2021 09:40:34	Fecha: 22/01/2021 Hora: 09:40

